




Compostela
Cultura
Artes visuais

HUMOR LÍQUIDO XAQUÍN MARÍN

Auditorio de Galicia
outubro 2024 – xaneiro 2025

HUMOR LÍQUIDO

XAQUÍN MARÍN

O meu concepto da arte auténtica é aquel que, sen deixar de ser persoal, sirva para moitos; unha arte que non busque o misterio para parecer creado por un ser superior; (...) unha arte en fin, onde o artista diga o que quere e debe dicir (do catálogo da exposición na galería Toison de Madrid en abril de 1970).

Entón deixei de golpe de crer nas fadas e vin que o negro era evidentemente negro e até comecei a dicilo (do catálogo da mostra “De los pies a la cabeza” na galería Redor en 1974).

Xaquín Marín (Fene, 1943) é o cronista gráfico non oficial da Galicia popular dos últimos 50 anos cunha obra con base no compromiso social e nos valores humanistas que pode lerse como manual da nosa historia máis recente.

Humorista gráfico en prensa, onde publica de forma ininterrompida os últimos 35 anos, a súa obra abarca tamén a banda deseñada, a pintura, o deseño, o cartelismo, o muralismo ou a ilustración. A pintura é a súa verdadeira primeira vocación, a razón pola que aprende a debuxar. Nos catálogos da súas primeiras mostras define a súa arte como unha conxunción de ideas, debuxo e cor que trata de ser útil e espertar conciencias.

Crea Marín unha linguaxe única, innovadora e enraizada na tradición plástica galega e unha obra comprometida ideoloxicamente que



A morte dun xeito de vivir | Fene-Montemolín | 1986 | mixta sobre lenzo

promove o humor como un dos elementos distintivos do ser galego.

Desigualdade, violencia de xénero, desprotección dos colectivos minorizados fronte á xustiza, perigo de desaparición da lingua, o rural fronte ao urbano, os ricos fronte aos pobres, a emigración, os prexuízos de clase, o absurdo das guerras e da carreira armamentística, o caciquismo, os abusos de poder, a destrución do medio ambiente, a desprotección dos maiores, a protección do patrimonio, a deshumanización tecnolóxica... sempre do lado dos perdedores. Un fondo compromiso social que adquire ao entrar a traballar en Astano e ao tomar sentido da realidade sociolingüística de Galicia.

Animado pola boa acollida das súa primeiras exposicións de pintura e debuxos (en Fene e Pontedeume en 1967), marcha en 1968 a Madrid onde percorre museos e galerías, estuda clásicos e vangardas en vivo e consegue expoñer nas galerías Toisón e Redor. Polo seu interese en formar parte da Estampa Popular Galega, entra en contacto en Madrid con Reimundo Patiño, artista que será de grande influencia na súa obra.

Marín volve a Fene fortemente impactado por Reimundo. Comeza a bosquejar historias e envía as primeiras páxinas que fai a *Chan* (revista galega que se publica en Madrid). En marzo de 1971, no número 35, aparece “Exclusivo para Chan”, *O emigrante*, a que hoxe está considerada a páxina fundacional da BD galega contemporánea.

Marín e Patiño son considerados pais do denominado “cómic galego”: en 1975 cos ollos postos na cultura *underground* norteamericana, na BD experimental europea e na tradición plástica do país, editan *2 viaxes*, o primeiro álbum de BD en galego.

O salto da BD a viñeta humorística chega axiña e de maneira natural. Marín considéraa incluso máis complicada que a pintura pola necesidade de conxugar imaxe e texto e teima por equiparala a calquera obra de arte. A principios dos noventa comezará a traballar nunha serie de debuxos de maior formato en acuarela á tinta.

En 1972 comeza a publicar viñeta de humor en *La Codorniz* e, ata a actualidade, ten a sorte de encadear colaboracións en diferentes publicacións como: *Posible*, *Teima*, *Pueblo*, *SP*, *A Nosa Terra*, *Encrucillada*, *El Ecologista*, *O Ensino*, *Can sen Dono*, *Follas Secas*, *Xo!*, *Sapoconcho*, *La Golondriz*, *Retranca*, *O Farelo*, *Dimensión Humana*, *ECO* ou *Tempos Novos*; porén, son os seus traballos para *El Ideal Gallego*



Sen título | La Voz de Galicia | 1990 | tinta



Tótem | 2003 | acuarela, tinta

(1975-1978) e *La Voz de Galicia* (desde 1988) os máis recoñecidos polo público.

Nas viñetas humorísticas é onde Marín desenvolve o seu estilo único: o branco e negro, o raiado, os inconfundibles globos de texto e a particularísima tipografía que é da súa autoría. Sen perder nunca de vista a Galicia, teima por facer un humor universal e atemporal. Como el mesmo di nunha viñeta de 1995: “Non vale a pena facer debuxos de actualidade, cando dás rematado xa pasou algo peor”.

Participa nos 80 no 1º Seminario Galego do Humor no Laboratorio do Castro, en Sada, con Isaac Díaz Pardo como anfitrión, evento que marca o inicio da segunda idade dourada do humor gráfico galego. É aquí onde se presenta o proxecto da revista *Can sen Dono*, da que Marín é colaborador habitual.

Xunto a Siro López, asina e redacta en 1983 o manifesto “En defensa do humor”, que serve de xerme para a creación do Museo do Humor de Fene que o propio Xaquín dirixe ata o 2008 e que desde 2022 leva o seu nome.



Souvenir | 2011 | tinta

HUMOR LÍQUIDO XAQUÍN MARÍN

Auditorio de Galicia
outubro 2024 – xaneiro 2025

Todos os días
De 10 a 14 e de 16 a 20 h*
(*nos días de concerto a sala pecha ás 19 h)

Avenida do Burgo das Nacións, s/n |15705 Santiago de Compostela

- CompostelaCultura
- CCultura
- CompostelaCultura
- CompostelaCulturaTV
- compostelacultura.gal